

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

EXTRACTO da Resolución do 15 de outubro de 2025 pola que se acorda á apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para a cobertura de prazas e bolsas vacantes no procedemento regulado pola Orde do 21 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D) e convocado mediante Resolución do 5 de xuño de 2025 pola que se procede á convocatoria de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D), Diario Oficial de Galicia número 118, do 23 de xuño de 2025, para o curso académico 2025/26.

BDNS (Identif.): 841376.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/841376>

Primeiro. Apertura de prazo

Ábrese un novo prazo para a presentación de solicitudes de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso académico 2025/26 (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D).

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución.

Segundo. Prazas convocadas

O número de novas prazas convocadas en residencias xuvenís e a súa distribución por residencias é o seguinte:

Concello	Residencia	Nº prazas BS303B (persoas estudantes non bolseiras)	Nº prazas BS303C (persoas estudantes colaboradoras bolseiras)	Nº prazas BS303D (persoas traballadoras)	Total
Lugo	Centro Residencial Xuvenil LUG	3	1	6	10



Concello	Residencia	Nº prazas BS303B (persoas estudantes non bolseiras)	Nº prazas BS303C (persoas estudantes colaboradoras bolseiras)	Nº prazas BS303D (persoas traballadoras)	Total
Ourense	Florentino López Cuevillas	2	0	0	2

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 21.5.2025; DOG nº 105, do 4 de xuño)
Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude

CVE-DOG: xojrkwl9-txs7-mz22-uic8-7rbxn46wp7f3

